



herdeiros

2024/2025

CARNÉ
CELTISTA
ABONADO



//ABANCA



Novidades sobre o abono

Que inclúe o teu carné?



Co teu abono da tempada 24/25 ademais de ter dereito de asistencia aos partidos de LaLiga ou Copa del Rey do primeiro equipo en Abanca Balaídos, tamén terás acceso aos partidos do Celta Fortuna, As Celtas, Celta Zorka Recalvi e aos partidos de A Canteira.



Cesión de abonos

No caso de que non podas asistir a un partido en Abanca Balaídos, o club ofrece a posibilidade de ceder o teu asento e obter así unha bonificación do 40% sobre o prezo da entrada vendida para reducir o prezo do abono da tempada seguinte ata o 50% do abono. Poderás realizar esta xestión desde o Portal do Celtista.

Carné transferible



A partir desta tempada, o carné de categoría Adulto pasará a ser transferible, é dicir, que poderás deixar o teu carné a outra persoa para acceder aos partidos, excepto na bancada de Marcador Baixo. O titular do carné farase responsable, en todo caso, do seu uso. O resto das categorías seguirán sendo de uso persoal e intransferible polo seu titular ao ter un desconto no mesmo.

Novidades sobre o abono

Lector de proximidade



Como novidade, esta tempada o Carné Celtista Abonado contará cun chip de proximidade na tarxeta para facilitar así os accesos aos partidos. Só con aproximar a tarxeta ao lector dos tornos xa terás acceso. Esta nova axilizará os tempos de agarda para poder entrar en Abanca Balaídos.

As Celtas



Nesta tempada temos un novo equipo feminino que formará parte do noso club, As Celtas. Co teu Carné Celtista Abonado terás acceso a todos os partidos deste novo proxecto.

























Novo pago a prazos

O pago a prazos desta nova tempada facilita a xestión, xa que agora o 5% que cobrábase de gastos de xestión no momento da renovación, irán incluídos na cota que fraccionase nos 4 prazos. Polo tanto, non terás que abonar esa cantidade no momento da renovación, senón que o farás nos prazos estipulados de forma proporcional.

As vantaxes que ofrece o Carné Celtista Abonado



	Butaca asignada para os partidos do primeiro equipo en Abanca Balaídos	
	Número de socio e antigüidade	
	Desconto do 10% en tendas oficiais do RC Celta*	
	Desconto en Museo e Tour Abanca Balaídos	
	Descontos en Escolas Fundación, Campus e Clínicas	
	Acceso á compra de entradas para partidos de visitante	
	Prioridade e/ou desconto na compra de entradas	
	Acceso aos partidos do Celta Fortuna**	
	Acceso aos partidos de As Celtas**	
	Acceso aos partidos do Celta Zorka Recalvi**	
	Vantaxes de patrocinadores	

*Agás para produtos en promoción e non acumulable con outros descontos.

**Ata completar capacidade destinada a Carné Celtista.



Como podo acceder ao estadio?



Co **carné físico** ou co **carné dixital**

Esta tempada, terás dúas maneiras de acceder ao estadio: co carné dixital ou co carné físico que recibirás na túa casa antes do inicio de LaLiga.

O carné dixital ofrecerase, un ano máis, a través do Portal do Celtista dispoñible na web oficial. Desta forma queremos simplificar e modernizar todos os procesos e accións da interacción dos socios co club.

Outras vantaxes do carné dixital son a facilidade e a seguridade á hora de acceder aos partidos. Ademais, facilitará a atención de incidencias nos días de partido, xa que evitará perdas, desgastes ou roubos.

Lembrámosche que actualices, se é necesario, a dirección do teu domicilio a través do apartado de datos persoais do Portal do Celtista.




Prezos do abono

Para esta nova tempada 24/25 reestrutúranse os prezos en determinadas zonas do estadio. Así mesmo, tamén reorganízanse os descontos que aplícanse en cada categoría nas diferentes bancadas, para que sexa a mesma porcentaxe en cada categoría.

Os abonados da bancada de Gol renovarán o seu sitio co prezo estipulado desta, pero serán recolocados ao longo da tempada. Informaráselles no momento oportuno de todo o proceso.

	ADULTO (TRANSFERIBLE)	MAIORES 65 (35% DTO.)*	SUB 30 (40% DTO.)*	SUB 25 (55% DTO.)*	SUB 15 (70% DTO.)*	INFANTIL
TRIBUNA ALTA CENTRAL	728 €	473 €	437 €	328 €	218 €	50 €
TRIBUNA ALTA ÁREA	693 €	450 €	416 €	312 €	208 €	50 €
TRIBUNA BAIXA CENTRAL	550 €	358 €	330 €	248 €	165 €	50 €
TRIBUNA BAIXA ÁREA	530 €	345 €	318 €	239 €	159 €	50 €
RÍO BAIXO CENTRAL	530 €	345 €	318 €	239 €	159 €	50 €
RÍO BAIXO ÁREA	512 €	333 €	307 €	230 €	154 €	50 €
RÍO ALTO CENTRAL	475 €	309 €	285 €	214 €	143 €	50 €
RÍO ALTO ÁREA	460 €	299 €	276 €	207 €	138 €	50 €
MARCADOR ALTO	345 €	224 €	207 €	155 €	104 €	50 €
GOL	330 €	215 €	198 €	149 €	99 €	50 €

*O desconto de cada categoría é sobre o prezo do adulto, xa aplicado nos prezos.



A renovación/alta do abono supón a aceptación da normativa do RC Celta na tempada futbolística que comprende do 1 de xullo ao 30 de xuño do ano seguinte.

Información sobre o abono

A que categoría pertenczo?



- **Maior de 65:** Nados antes do 31/07/1959
- **Adulto:** Nados entre 01/08/1959 e 31/07/1993
- **Sub 30:** Nados entre 01/08/1993 e 31/07/1998
- **Sub 25:** Nados entre 01/08/1998 e 31/07/2008
- **Sub 15:** Nados entre 01/08/2008 e 31/07/2016
- **Infantil:** Nados entre 01/08/2016 e 31/07/2019
- **Miudiños:** Nados a partir do 01/08/2019



Formas de pago

Terás dispoñible 3 modalidades de pago diferentes:

- Con **tarxeta de crédito/débito** a través do Portal do Celtista
- **Domiciliación bancaria:**
O recibo cargarse entre o 1 e o 5 de xullo
- **Pago a prazos con domiciliación:**
O pago é fraccionado en 4 cotas (xullo, agosto, setembro e outubro). Os recibos cargaranse durante os 5 primeiros días de cada mes. Esta modalidade ofrécese sen intereses, pero implica un gasto de xestión do 5% do total do importe que será fraccionado tamén nas cotas.

No caso de que xa tiveras a domiciliación bancaria ou o pago a prazos con domiciliación a tempada anterior e non quixeras solicitar ningún cambio, **non tes que facer nada** no Portal do Celtista, xa que se che cargará o recibo de forma automática no mesmo prazo indicado.



Marcador Baixo

90 MINUTOS DE PÉ

O primeiro paso cara unha nova bancada que anime sen parar, vendo o fútbol de pé, deuse na tempada 23/24 creando a nova bancada de animación.

Esta bancada é o pulmón do Abanca Balaídos, a bancada onde se pasa 90 minutos de pé, animando sen cesar, contra vento e marea. A única bancada feita para non estar sentado.

Ocupa un lugar na Bancada de Seareiros e non deixes de animar os 90 minutos!

Prezos do abono



	ADULTO	MAIORES 65	SUB 30	SUB 25	SUB 15	INFANTIL
MARCADOR BAIXO						
			250 €		140 €	

Nesta bancada os abonos seguirán sendo persoais e intransferibles.

Calendario da campaña



XUÑO

L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

XULLO

L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

AGOSTO

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

RENOVACIÓN DO ABONO

Do 17 ao 27 de xuño

Renovacións a través do Portal do Celtista coa forma de pago elixida e petición de cambio de asento ou de bancada a través da plataforma online (individual ou en grupo). Se queres modificar os datos, actualizar domicilio ou calquera outra información do perfil de abonado, podes aproveitar esta ocasión. É imprescindible verificar todos os datos no apartado de información persoal.

Se renovas en familia, non esquezas agrupar a todos os membros para facelo todo xunto.

Ademais, o club pon a túa disposición a atención presencial nos despachos de billetes de Abanca Balaídos, no caso de que non poidas realizar as túas xestións online.

CAMBIO DE ASENTU/BANCADA

Do 4 ao 12 de xullo

Os cambios de asento realizaranse de forma online ou vía telefónica, dependendo do teu caso. Para dar certa prioridade aos cambios solicitados no período de renovación, terase en conta a media de antigüidade do grupo ou a individual dependendo de como fora solicitada en cada caso.

Unha vez realizado o cambio de asento, non se poderá recuperar o anterior.

COBRO DOS RECIBOS

Do 1 ao 5 de xullo

Os recibos das cotas do abono domiciliado comezarán a cobrarse entre o 1 e o 5 de xullo, se é domiciliado nun só pago e no caso dos aprazados cobrarase no primeiro prazo.

No caso dos aprazados, os seguintes 3 prazos cobraranse os primeiros 5 días de cada mes. Lembra que, se tiñas a domiciliación da tempada anterior, non tes que facer nada no Portal do Celtista.

NOVAS ALTAS

Do 15 ao 19 de xullo

Esta tempada terán acceso prioritario ao proceso de inscrición os que estaban en lista de agarda para a tempada 23/24 e quedaron sen conseguir o seu abono. Seguirase o mesmo proceso ata completar a capacidade dispoñible. Enviarase un correo electrónico a todos aqueles que teñan a posibilidade de elixir unha localidade dispoñible coas instrucións para proceder á formalización da alta.

Información Novas Altas

Como solicitar unha nova alta?



Só poderán realizar altas nesta tempada 24/25 os que estaban na lista de agarda da pasada campaña, pola limitada capacidade actual e tendo en conta a obra da bancada de Gol e a recolocación dos abonados da mesma.

Unha vez cuberta a capacidade dispoñible, a lista de agarda será eliminada automaticamente. Ao rematar a campaña de altas abrirase unha nova lista, na que poderás inscribirte e terás prioridade para obter un abono se xa tes o Carné Celtista por orde de antigüidade.



Prezo das novas altas

Esta tempada seguirá sen haber cota de alta polo que, poderás consultar o prezo do abono no apartado de “Prezos do abono”.

Cambio de titularidade



Como novidade desta tempada implantarase un sistema de cambio de titularidade do abono. O abono pode ser cambiado de titular, é dicir, pasar a nome doutra persoa mantendo a mesma localidade no estadio.

O cambio de titular dun abono implica a perda de todos os dereitos adquiridos ata a data polo antigo titular (número de socio, antigüidade, etc.) conservando unicamente a localidade do antigo titular. Este proceso poderá realizarse desde o 2 de setembro ata o 30 de abril. Só poderá cederse a un familiar. Para máis información, revisa o apartado de “Preguntas frecuentes”.

Preguntas Frecuentes

**Aínda tes dúbidas
sobre o teu Carné
Celtista Abonado?
Resolvémoschas!**



Onde debo tramitar a miña renovación?

No Portal do Abonado, que esta tempada comezará a chamarse Portal do Celtista, poderás realizar vía online todos os trámites necesarios no teu día a día co club.

celtistas.rcelta.es

Nesta plataforma poderás realizar a renovación do teu abono, actualizar os datos persoais, solicitar o cambio de asento, a compra de entradas de visitante para os partidos fóra da casa, ceder o teu asento e outras funcionalidades. Ademais, o club pon a túa disposición a posibilidade de realizar a túa renovación de forma presencial no despacho de billetes de Abanca Balaídos.

Para acceder ao Portal do Celtista, debes introducir o teu ID de abonado, PIN e o DNI ou data de nacemento. O ID de abonado poderás atopalo no dorso do teu carné da tempada 23/24. O código PIN son as 4 últimas cifras do teu DNI. No caso de non ter DNI rexistrado (menores de idade, por exemplo) o PIN será 1111 e o acceso farase coa data de nacemento.



Preguntas Frecuentes

Abonados Gol

Ao longo da tempada 24/25, comezarán as obras da nova bancada de Gol. Os abonados destes asentos, poderán facer a renovación coma sempre e no momento que comecen as obras, serán recolocados.

Para levar a cabo este proceso, chegado o momento, o club porá a dispor dos abonados de Gol un formulario onde inscribirse de forma individual ou en grupo dependendo da súa preferencia.

Para a asignación da localización provisional mentres duren as obras, terase en conta a antigüidade individual ou a antigüidade media do grupo en función da opción elixida. Sobre este proceso, proporcionarase máis información no momento da asignación da butaca ao longo da tempada.

Como non hai data confirmada, os abonados de Gol que renoven o seu carné, deberán utilizar a súa butaca habitual.

Como podo renovar os abonos do meu núcleo familiar?

Igual có ano pasado, a través do Portal do Celtista poderás renovar o carné doutros abonados na mesma operación, simplificando así os trámites que tes que realizar.

O meu fillo/a ten abono Miudiño. Debo realizar algún trámite?

Se o teu fillo/a cumpre 5 anos esta tempada (antes do 31/07/2019), pasa a categoría Infantil (ata menores de 8 anos). O club contactará co abonado adulto responsable do Miudiño para confirmar o asento que se lle asignará na bancada ao menor, sendo o máis preto posible do adulto (tendo en conta a dispoñibilidade).

Posteriormente, poderase tramitar a súa renovación a través do Portal do Celtista (celtistas.rccelta.es).

Os Miudiños nados despois do 01/08/2019 manteñen o seu abono gratuíto e a renovación xestiónase de forma automática, polo que non tes que realizar ningunha xestión.

Preguntas Frecuentes

Cando recibirei o meu carné da tempada 2024/2025?

Nas semanas posteriores á renovación enviarase ao teu domicilio o carné para esta tempada. Podes confirmar a dirección no Portal do Celtista.

No caso de que solicitaras un cambio de asento ou de bancada, o carné entregarase unha vez finalizado o cambio.

Se teño algún desconto, teño que solicitalo?

Nesta campaña de renovación poderás gozar novamente dos descontos de accionista, familiar ou diversidade funcional (acreditando unha discapacidade mínima do 65%). Só poderán gozar do desconto as renovacións anteriores que sigan cumprindo cos requisitos.

No caso do accionista, o desconto aplicarase automaticamente sobre a túa cota, polo que estará aplicado unha vez realices a renovación.

Para o desconto familiar terás que renovar na mesma operación a toda a unidade familiar. O desconto será aplicado directamente sobre os abonos que cumpran cos requisitos do desconto familiar. Recordámosche que o desconto familiar só se aplica a matrimonios con fillos na categoría Sub 15 e Sub 25 (ata 17 anos) e os pais en categoría Adulto. Queda exento de calquera desconto a categoría Infantil.

Como e cando podo solicitar o cambio de asento?

Durante o proceso de renovación do teu abono (do 17 ao 27 de xullo) poderás facer a solicitude de cambio de asento ou de bancada.

A solicitude de cambio de asento ou de bancada tomarase en conta de forma individual ou de forma agrupada en función da túa solicitude, é dicir, se cando renovas o teu abono o fas de maneira individual e pides cambio de asento ou de bancada, a xestión do teu cambio faise de forma individual.

[CONTINÚA NA SEGUINTE PÁXINA](#)

Preguntas Frecuentes

Doutra maneira, se ao renovar os abonos o fas de maneira agrupada para o teu núcleo familiar ou de amigos, tomarase en conta a solicitude de cambio de forma agrupada daqueles membros do teu grupo que indiques no proceso. Para dar certa prioridade aos cambios solicitados, terase en conta a media de antigüidade do grupo ou a individual en cada caso dependendo de como se solicitara.

Unha vez pechado o período de peticións de cambios de butacas, avisarémosche para confirmar o cambio de localidade.

Cambio de titularidade

O abono pode ser cambiado de titular, é dicir, pasar a nome doutra persoa mantendo a mesma localidade no estadio. O cambio de titular dun abono implica a perda de todos os dereitos adquiridos ata a data polo antigo titular (número de socio, antigüidade, etc.) conservando unicamente a localidade do antigo titular. Só poderá cederse a un familiar.

As condicións son:

- Só poderá facerse un cambio de titular por tempada.
- O carné debe estar ao corrente de pago e só se fará o cambio de titular na butaca correspondente.
- No caso de defunción do socio titular é necesario achegar o certificado de defunción.

A data para o cambio de titularidade é do 2 de setembro ao 30 de abril. O titular actual deberá renovar con normalidade.

Preguntas Frecuentes

Cesión de abonos

Todas as persoas que utilizaron a cesión de abonos na tempada 23/24, acumularon un saldo que se descontará na renovación do abono desta nova tempada de forma automática, cos límites e condicións xa establecidos no Portal do Celtista.

Para ceder o teu abono tes que acceder ao Portal do Celtista, nesta plataforma, na sección “Cesión de abonos”, poderás ceder o teu abono nun partido concreto desde que o club pon á venda as entradas para ese mesmo evento e ata 4 horas antes do comezo do encontro.

No suposto de que o abonado ceda a localidade nun partido determinado e esta entrada véndase finalmente a un terceiro, os ingresos obtidos desta venda repartiranse entre o club e o abonado. O abonado obterá o 40 % do importe da entrada vendida, valorada ao prezo que se venda, é dicir, no caso de que esa entrada leve aplicada unha promoción (Sub 25, código de desconto, etc.), o importe que percibirá o abonado será sobre o prezo promocionado (non inclúe gastos de xestión).

O importe a favor que se acumule polos partidos nos que o abonado cedeu o seu abono e nos que finalmente se vendeu a súa butaca, se lle descontará do prezo do abono da seguinte tempada e non será reembolsable en metálico en ningunha circunstancia. Ademais, o abonado perderá todos os dereitos deste servizo no caso de non renovar o seu abono.

O aforro acumulado non poderá ser en ningún caso superior ao cincuenta por cento (50%) do prezo pagado polo abono da tempada na que se cede, nin tampouco superar o cincuenta por cento (50%) do prezo final do abono da seguinte tempada no caso de que houbese un cambio de bancada ou de categoría.

No apartado de cesión do Portal do Celtista hai tres servizos: cesión de abono, recuperar o abono cedido e a información de se o abono vendeuse ou non. Se finalmente se vende a localidade nalgún partido, o saldo correspondente aparecerá visible desde as 72 horas laborables seguintes ao fin do partido.

Un sentimento, un carné

**Únete á familia
Celtista desde 30€!**



O Carné Celtista nace como resposta á necesidade de moitos celtistas que non teñen abono, sexa cal fora o motivo, pero que se queren sentir parte do noso equipo. Desta maneira, o club abre a posibilidade dun RC Celta máis conectado con todos os seus afeccionados, **un RC Celta para todos.**

Con el formarás parte dunha familia celtista que non ten fronteiras.

	Número de socio e antigüidade	✓
	Bono Regalo Benvida de 10€ en entradas ou produtos oficiais*	✓
	Desconto do 10% en tendas oficiais do RC Celta**	✓
	Desconto en Museo e Tour Abanca Balaídos	✓
	Acceso á compra de entradas para partidos de visitante***	✓
	Descontos en Escolas Fundación, Campus e Clínicas	✓
	Prioridade e/ou desconto na compra de entradas***	✓
	Prioridade na lista de agarda para conseguir un abono a partir da tempada 25/26	✓
	Acceso aos partidos do Celta Fortuna****	✓
	Acceso aos partidos de As Celtas****	✓
	Acceso aos partidos do Celta Zorka Recalvi****	✓
	Vantaxes de patrocinadores	✓
	Butaca asignada para os partidos do primeiro equipo en Abanca Balaídos	✗

*Non é acumulable dunha tempada a outra. O uso deste bono é exclusivo para a tempada vixente, en caso de non utilización do mesmo o importe do bono perderase. Non acumulable a outras promocións. Poderá empregarse a partir do 1 de agosto.

**Agás para produtos en promoción e non acumulable con outros descontos.

***Para partidos en LaLiga.

****Ata completar capacidade destinado a Carné Celtista.

CARNÉ
CELTISTA
ABONADO



ATENCIÓN AO CELTISTA



Oficina de Atención ao Celtista de Abanca Balaídos
De luns a venres de 10h a 14h e 16h a 19h

Teléfono:

986 213 230

986 213 234

Email: abonados@rccelta.es



//ABANCA

